





RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.:19188**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre "**a situación da Unidade de Saúde Mental da Barbanza**", (publicada no BOPG núm.: 168, do 10 de febreiro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Esta obra, licitada polo Goberno bipartito, situábase nun terreo que é propiedade da Comunidade de Montes, e polo tanto non pode ser executada.

A asistencia á poboación con trastornos psiquiátricos e trastornos aditivos na área sanitaria de Ribeira está plenamente garantida a través dos profesionais que neste momento están a traballar nesta área son: dous psiquiatras a tempo completo e un psicólogo clínico a tempo parcial mentres que a asistencia a trastornos aditivos faise na Unidade de Condutas Aditivas de Ribeira que dispón no seu persoal de psiquiatras, psicólogos e traballadores sociais.

Estudaranse nun futuro, e tendo en conta a necesidade conxunta doutros centros na Comunidade Autónoma Galega, novas posibilidades."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia